



Praza número: 25/3021

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Proxectos Arquitectónicos

Departamento: Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición

Centro: ETS de Arquitectura

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada.

Unha vez que se viu o acordo adoptado pola Comisión de Reclamacións na súa reunión do 12 de xuño de 2025, no que ratifica a proposta da Comisión de Selección.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 11 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 7 de novembro de 2024, resolve asignar a referida praza ao concursante **D./D^a. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ RAÍDO**.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer demanda ante o Xulgado do Social que resulte competente conforme ao establecido nos artigos 6, 10 e 69 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A vicerreitora de Profesorado por delegación do reitor

(RR 10/07/2024)

María Teresa López Fernández



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 12 de xuño de 2025, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/3021

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Proxectos Arquitectónicos

Departamento: Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición

Centro: ETS de Arquitectura

Tras analizar a documentación da praza 25/3021, as reclamacións presentadas por Dona Crisitna Botana Iglesias e Don Antonio García Fernández, e os informes emitidos pola Comisión de selección, a Comisión de reclamacións,

ACORDA

_estimar a revisión da puntuación da candidata Dona Cristina Botana Iglesias realizada pola Comisión de selección unicamente no relativo ao mérito 1.3

_ratificar a proposta de provisión da Comisión de selección pois a revisión da citada puntuación non altera a orde das persoas propostas

_facer público este acordo

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado

Teresa López Fernández